

| 25 | 10 | 2024 |
SEXTA FEIRA
Nº 1.248 | 1,60 €
nosdiario.gal

CULTURA > 29 Rebolo leva a obra 'Anacos' ao Circuito Profesional de Lugo

nósdiario



GALIZA > 2-3 O Conselleiro de Lingua reuniuse cos grupos políticos na Cámara

Rueda, ausente na busca de solucións para o galego

→ O BNG demanda a derogación do decreto de plurilingüismo

→ O líder do PSdeG non acudiu á cita ao estar en reunións en Madrid

→ A Xunta, malia non aplicar o Plan da lingua, propón actualizalo



A portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, e o conselleiro de Cultura e Lingua, José López, onte no Parlamento da Galiza. / Arxina

GALIZA > 5

Orzamentos
Os litixios do Goberno galego custan 3,4 millóns



DEPORTES > 22-23

Cita en Polonia
Romero e Blanco, no Europeo júnior de halterofilia

INTERNACIONAL > 18-19

Denuncian fraude
A Frelimo volve gañar as eleccións no Mozambique

EDITORIAL > 16

15 meses
Xoán Costa

ECONOMÍA > 12-13

A infraestrutura fica pendente de data

A nova ponte no Miño será chave para a alta velocidade a Portugal

→ A Xunta, o BNG, o Eixo Atlántico e a patronal reclaman avances na conexión ferroviaria

→ O Goberno estatal di agora que a liña Ferrol-Lisboa é esencial, tras Sánchez priorizar Madrid

GALIZA > 4

Protesta

Solidariedade con Palestina exige á Xunta revisar os acordos con Israel

Denuncian o silencio informativo da CRTVG co xenocidio de Gaza



Linda Ashour, Ánxela Gippini e Óscar Valadares, onte. / Nós Diario

Estación de Guillarei, en Tui, perto do punto onde se construíra a ponte sobre o Miño. Á dereita, o presidente do Goberno español, Pedro Sánchez, e o primeiro ministro luso, Luís Montenegro, antonte.

Un dos aspectos máis importantes para o desenvolvemento da alta velocidade ferroviaria entre Galiza e Portugal é a construción dunha nova ponte sobre o río Miño. Con todo, este aspecto non estivo no foco mediático durante a Cimeira Luso-Hispana desenvolta antonte na cidade portuguesa de Faro, que axitou as reivindicacións dunha liña de tren considerada clave para a economía galega.

Texto Ricardo Suárez

Fotos Adif + Alberto Díaz / Europa Press



A sociedade galega reclama avanzar na construción da infraestrutura

A nova ponte sobre o Miño é a chave da conexión ferroviaria con Portugal

Non hai dúbidas de que a conexión ferroviaria de alta velocidade entre Galiza e Portugal vai ser desenvolta nun futuro próximo, e seguramente vai ser licitada antes que a liña entre Lisboa e Madrid, ou cando menos este é o optimista presaxio que fai o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao.

Con todo, segundo salienta en declaracións a *Nós Diario*, a chave está nun aspecto ao que non apuntaron os focos mediáticos durante a Cimeira Luso-Hispana que tivo lugar antonte. "É un feito incuestionábel, que a primeira liña que vai avanzar é a que conecta Galiza con Portugal, e o único que falta para desbloquear todo é a nova ponte [sobre

o río Miño], en canto se aprobe o comezo dos traballos desta infraestrutura, o Estado español poderá proxectar o segundo tramo, que é entre O Porriño e a fronteira", afirma Vázquez Mao.

"O problema é que sen saber onde vai a ponte non se pode proxectar o tramo, posto que non se sabe onde acaba. Agora estase facendo o estudo informativo previo do tramo Vigo-O Porriño, mais a conexión coa fronteira aínda non se pode reallizar", explica o secretario xeral.

"Sabemos que [a ponte] vai ir ao leste de Valença [Alto Minho] e de Tui [Baixo Miño] e que o punto de conexión vai ser perto de Guillarei [parroquia de Tui onde hai unha estación de ferrocarril]. Eu creo que as dúas Administracións saben xa cal é

**XOÁN VÁZQUEZ MAO
SINALA QUE O NEXO
FERROVIARIO FARASE
AO LESTE DE TUI
E VALENÇA, MOI
PERTO DE GUILLAREI**

o punto, mais téñeno que confirmar de forma oficial para poder aprobar o modelo de xestión bilateral para a construción da infraestrutura", conclúe o representante do Eixo Atlántico.

"Portugal, independentemente do cambio de Goberno, fai un discurso coherente, honra os compromisos de Estado e segue tendo claras as súas prioridades", explica Vázquez Mao sobre a posición lusa. "Por sorte para nós non vai renunciar a elas, pois esta é unha liña absolutamente vertebral para eles e Galiza xoga un papel fundamental na estratexia portuguesa", acrescenta. Ademais, salienta, "o feito de conectar o tren coa Galiza permite que Portugal teña financiamento da Unión Europea para conectar o seu territorio".

Por todas estas razóns, explica, "vaise facer primeiro a liña entre Galiza e Portugal, queira ou non queira o Estado español, o Goberno luso xa o deixou moi claro". Neste sentido, engade, "70% da vía realizarase en territorio portugués, e supoñamos que o Executivo español non quere facer a súa parte, pois entón Portugal pode negarse a desenvolver a conexión con Madrid no territorio luso". "Están obrigados a chegar a un acordo, e o consenso pasa por dar prioridade á conexión coa Galiza", conclúe ao respecto Vázquez Mao.

Presión da patronal galega

A Confederación de Empresarios da Galiza (CEG) lamentou ante a posición do Goberno español, expresada nas últimas



horas na cimeira Luso-Hispana de Faro (O Algarve), sobre a conexión de alta velocidade entre Galiza e Portugal, e solicitou ao Executivo estatal que "rectifique" e "siga a liña" portuguesa de priorizar esa conexión sobre a que uniría Madrid con Lisboa.

O presidente da CEG, Juan Manuel Vieites, advertiu de que "a falta de compromiso do Estado español coa Galiza pode relegar unha vez máis o desenvolvemento económico e social, limitando o crecemento, a competitividade

de galega e as oportunidades de mobilidade eficiente". Ademais, segundo lembrou, a Estratexia Común de Desenvolvemento Transfronteirizo (ECDT) aprobada na Cimeira Luso-Hispana do ano 2020 recollía xa, como unha das accións previstas en relación ás infraestruturas e á conectividade territorial, dar prioridade á finalización das infraestruturas do corredor atlántico, así como modernizar as infraestruturas ferroviarias da conexión do eixo atlántico.

A PATRONAL GALEGA DESTACA QUE A LIÑA DE TREN TRANSFRONTEIRIZA É ALGO "VITAL"

Para a CEG, a ligazón ferroviaria entre Galiza e Portugal é "vital" para potenciar o desenvolvemento económico e a integración transfronteiriza. "Non se pode seguir perpetuando o desequilibrio existente nos investimentos e oportunidades de desenvolvemento", advertiu Vieites, que tamén engadiu que "é imperativo dar a relevancia e a urxencia necesarias á construción deste nexos vital para o desenvolvemento económico e social de ambos os territorios".

Reaccións políticas

O presidente da Xunta da Galiza, Alfonso Rueda, criticou o xefe do Executivo estatal, Pedro Sánchez, por "falar unha vez máis en contra da Galiza" na Cimeira Luso-Hispana, fixando como primeiro obxectivo a conexión de alta velocidade entre Madrid e Lisboa a pesar de que o Goberno portugués apuntase como prioridade a liña que une o territorio galego con Portugal.



Xoán Vázquez Mao.

Un "falso debate" provocado por Díaz Ayuso dentro da súa "guerra permanente"

Para o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao, a confrontación entre a conexión da Galiza con Portugal e a liña para unir Madrid e Lisboa é "un falso debate que crea unha señora que se chama [Isabel Díaz] Ayuso dentro da súa guerra permanente para facerse un espazo propio, algo que consegue atacando a todos, a [Pedro] Sánchez por diante e a [Alberto Núñez] Feixoo por detrás". Ademais, di, "ten que tapar os problemas nos que está a súa contorna persoal".

"Non hai ningún conflito entre estas dúas liñas, son compatíbeis, e a presidenta da Comunidade de Madrid crea un problema que non existe. A conexión entre Lisboa e Madrid vaise facer, para a Comisión Europea as conexións entre capitais son prioritarias, mais o Goberno luso opta por unir primeiro Galiza e Portugal", conclúe.

Rueda agradeceu o compromiso ratificado polo Executivo luso e sinalou que Portugal "xa está en fase de licitación das obras para cumprir" co horizonte de 2032 para rematar a conexión. Tamén Sánchez apuntou ante esa data, mais Rueda consideraba que, cos pasos actuais dados, non se trata dun prazo "realista".

"Nin o anterior Goberno portugués, nin o actual, de corte máis conservador, ocultaron a súa intención de querer vertebrar ese país a través da alta velocidade e facer a conexión vía Galiza. Eu agradézoo moitísimo porque para Galiza é algo fundamental", sinalou o presidente da Xunta.

Pola súa parte, o BNG exixiu onte ao Executivo español dar prioridade á conexión ferroviaria entre Galiza e Portugal. Neste sentido, o portavoz nacionalista no Congreso, Néstor Rego, destacou o "despropósito" que representa, na súa opinión, priorizar a conexión entre as cidades de Lisboa e Madrid, que implicaría construír máis de 200 quilómetros de vía, fronte á conexión entre Porto e Vigo, na que só faltan por completar 25 quilómetros (Vigo-Valença).

Ao tempo, o delegado do Goberno español na Galiza, Pedro Branco, insistiu en que a conexión por alta velocidade entre Galiza e Portugal "segue sendo unha prioridade" e en que "o compromiso é claro" con este trazado, así como coa conexión entre o territorio galego e a meseta. Desta maneira, restou importancia "ao feito de que unha (a conexión con Lisboa) vaia máis rápida que a outra", e descartou que iso supoña dar prioridade a unha das opcións.